

AXUDAS NON PERIÓDICAS

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro informa da convocatoria de subvencións dirixida a persoas maiores e discapacitadas para facilitar a súa autonomía persoal e accesibilidade.

Serán beneficiarias destas axudas as persoas maiores de 65 anos que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria, e persoas con discapacidade menores de 65 anos.

As actuacións subvencionables serán as seguintes:

- * Adaptación funcional do fogar.
- * Adaptación e eliminación de barreiras en vehículos.
- * Adquisición de órteses, próteses e axudas técnicas.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia DNI.
- Certificado de padrón.
- Orzamento do gasto que se vai realizar.
- Declaración do imposto de IRPF.
- Informe social.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 28 de agosto, e poderanse presentar no departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro ou ben nas Delegacións Provinciais de Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.